

Acta
da xuntanza celebrada en Toén
o 16 de outubro de 2016 as 17:00h

Asistentes: Xaquín (Cambio Intelixente de Punxín),
Xosé Antón (VETA Taboadela),
Eladi, (Iniciativa por Xunqueira),
Bernardo (Alternativa Veciñal de O Carballiño),
David (Son de Toén),
Javier (Ourense en Común).

Orde do día:

1- Valoración dos resultados electorais do 25 de setembro.

- Xaquín: houbo precipitación en EnMarea; non había homoxeneidade; non había teito; hai que sacar os votos de outros lados que non das esquerdas.
- Eladi: neste país hai que facer que a xente razoe para que vexan as cousas que acontecen e reaccionen.
- Xosé Antón: esperaba mellores resultados; para a xente que está polo cambio, os resultados non estiveron mal, pero hai que ganarse outra xente, e para iso hai que falar de cuestións máis próximas e racionais, e menos emocionais. Deberíase haber atraído as mobilizacións cidadás.
- David: o PP soubo mobilizarse, e o fixo moito; non se soubo mobilizar á toda a esquerda porque: a) dende decembro EnMarea ían "sobrados", houbo leas internas, e a anexión de Podemos fixo dano. O PP gana porque ten os seus votos fixos, e a esquerda ten que gaña-los sempre. A prensa fixo leña dos leas internas de EnMarea.
- Javier: hai que rabuñar votos dos indecisos e das abstencións, porque os votos do PP son fixos. Dentro de catro anos a clave estará en como se fagan as cousas nos gobernos locais.
- Xaquín: hai que dar a impresión de un grupo homoxéneo; o prioritario son as persoas, non o país.
- Eladi: son máis importantes as solucións concretas que as ideas xerais.
- Bernardo: a partir de agora hai que manter, dentro do parlamento, a unidade e unha boa imaxe. Hai que romper cas siglas dos partidos, que sexa unha opción persoal.



**Rede de
Candidaturas
Veciñais
de Ourense**

2- Incendios.

- *David fará un informe da situación para estuda-lo na REDE-Ou.*
- *Bernardo nos pasará a ordenanza do Carballiño para estuda-la.*

- Acórdase facer informes puntuais de temas concretos, para ter traballo feito que se poda compartir na REDE-Ou.

3- Privatización de servizos públicos.

- Bernardo: recuperar a recadación municipal suporía o aforro de 100.000€ anuais (está aprobado no pleno do Carballiño). Un problema importante é poder saír do plan de axuste para poder contratar. No Carballiño van a recuperar a limpeza do colexio. No referente á traída da auga, haberá que denunciar o contrato para poder recuperar os servizos.
- Eladi: habería que facer un estudo sobre a recuperación dos servizos públicos privatizados.
- Xaquín: a tendencia é privatizar; hai que defender a recuperación dos servizos, sobre todo o da auga. Pódese facer un forum en Ourense sobre a auga (mirarase de contactar con persoas entendidas).
- Bernardo: hai que falar con concellos que recuperaron os servizos públicos antes privatizados.
- Javier: non so falar, hai que aprender das súas experiencias.
- Eladi: buscar quen o fixo e que nos expliquen cómo, problemáticas, aforros, erros...
- Xosé Antón: buscar contactos con esas experiencias; e dende a REDE-Ou organizar xornadas sobre o tema.

Xaquín contactará con persoas entendidas no tema das augas.

Bernardo contactará cos concellos de Teo e Oleiros (augas).

Eladi contactará cos concellos de Molgas (lixo) e Allariz (lixo e transporte).

4- Transporte interurbano.

- Bernardo: queren que lles chegue o urbano de Ourense.
- Xaquín: en Punxín xa están.
- Xosé Antón: haberá que facer un estudo do que hai para analiza-lo e facer unha proposta seria e documentada.
- Bernardo: malos horarios supón menos viaxeiros, e menos viaxeiros supón menos horarios.
- David: a solución debería ser a nivel galego; pon o exemplo do sur de Suecia onde so hai unha compañía de bus e de tren: hai recorridos entre



**Rede de
Candidaturas
Veciñais
de Ourense**

cabeceiras de comarca e outras liñas secundarias que redistribúen á xente. Cun bo transporte público conseguen que nas cidades case non haxa coches. Sería un bo modelo para copiar e adaptar.

5- Varios.

- Acórdase que a coordinadora provisional elixida en Taboadela, siga traballando ata a elección dunha nova.
- As xestións que se vaian realizando (Bernardo, Xaquín, David, Eladi...) fan traballo en equipo.
- Mantívose a independencia da REDE-Ou de EnMarea. E temos que tenderlles a man e eles a nos. FALAR – CORRIXIR – FACER.
- Hai que dar publicidade a todo o que fagamos para atraer máis xente de máis agrupacións de máis concellos.
- Remárcase a importancia da pequena estrutura creada en Taboadela para seguir funcionando.
- Javier enviará os acordos de OueC para tratar de encaixa-los cos nosos. Este punto tratarase na vindeira xuntanza.

A vindeira xuntanza será no local de Ourense en Común (Rúa das Burgas, nº 8, fronte as piscinas das Burgas), o 27 de novembro, as 17:00 horas.

Péchase a xuntanza as 19:40h.